

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE PERSONAS TRASPLANTADAS DE MÉDULA ÓSEA Y ENFERMEDADES ONCOHEMATOLÓGICAS PARA O FOMENTO DA DOAZÓN DE PROXENITORES HEMATOPOÉTIICOS E ACOMPAÑAMENTO DE PACIENTES E FAMILIARES.

En Santiago de Compostela, a 19 de setembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, Conselleiro de Sanidade, presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, actuando en representación destes dous organismos públicos, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, de 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e co artigo 11 do Decreto 142/2015, de 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte, Dona Cristina Piñeiro Couce, provista de NIF 32691659B, presidenta da Asociación Gallega de Personas Trasplantadas de Médula Ósea y Enfermedades Oncohematológicas (en adiante ASOTRAME), con NIF G-70370713 inscrita co n.º 2013/017360-1ª no Rexistro Central de Asociacións da comunidade autónoma de Galicia, actuando en nome e representación da mesma en concordancia co disposto polo artigo 31 dos Estatutos da Asociación.

Ambas partes recoñécense reciprocamente capacidade para outorgar o presente convenio marco e, para estes efectos,

MANIFESTAN

Primeiro. Que ASOTRAME é unha organización con personalidade xurídica propia e plena



1

 **Asotrame**
ASOCIACIÓN GALLEGA DE TRASPLANTADOS DE MÉDULA ÓSEA
Y ENFERMEDADES ONCOHEMATOLÓGICAS
G-70370713
Calle Chile, nº 2-4, Entresuelo derecha
15404 - Ferrol (A)

capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, de carácter benéfico asistencial e sen fin de lucro, que ten como obxectivo a promoción de toda clase e accións e información destinadas a mellorar a situación das persoas con cancro hematolóxico, os seus familiares e contorna social.

Segundo. De conformidade co artigo 2 dos seus estatutos, a Asociación ASOTRAME, ten entre as súas funcións prestar apoio as persoas afectadas por un cancro hematolóxico e as súas familias. Do mesmo modo, traballa día a día para sensibilizar e informar ao conxunto da sociedade sobre a importancia de facerse doante de medula ósea, tamén colabora economicamente na investigación contra esta enfermidade, realizando achegas a diferentes administracións e fundacións para proxectos e estudos do seu interese.

Terceiro. Que de conformidade coa súa norma estatutaria, son fins da ASOTRAME, entre outros:

(1) Promover a agrupación de todos os pacientes de transplantes medulares que viven en Galicia, e de outros lugares que así o desexen, para poder traballar de forma coordinada na consecución de posibles solucións para mellorar a súa calidade de vida e posibles terapias paliativas ou curativas.

(2) Sensibilizar á opinión pública e as Administracións sobre os problemas de prevención, tratamento, curación e asistencia destas enfermidades e promover as medidas e a lexislación adecuada.

(3) Desenvolver e difundir a información sobre estas enfermidades aos pacientes, os seus familiares, os profesionais, etc., co fin de conseguir o mellor coñecemento e a implicación dos mesmos.

(4) Potenciar todas as canles de información e sistemas de axudas para os asociados a fin de propiciar a integración social dos mesmos.

Cuarto. De conformidade co Decreto 142/2015, de 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (en diante a ADOS) e se aproban os seus



estatutos, a Axencia, como entidade pública instrumental adscrita á Consellería de Sanidade, ten entre as súas competencias a de realizar actividades informativas e formativas para os/as profesionais, para as asociacións de persoas enfermas e organizacións civís e para a poboación xeral, en materia de doazón de sangue, medula ósea, sangue de cordón umbilical, órganos e tecidos e o seu uso, así como promover a participación activa, no marco da responsabilidade social corporativa, de institucións, organismos e empresas de Galicia, nas políticas de promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos.

Quinto. A ADOS, que ten incluídas na súa Área de Órganos, Células e Tecidos as funcións de coordinación autonómica de transplantes, é a responsable de fomentar a doazón de medula ósea na Comunidade Autónoma de Galicia, así como de realizar actividades formativas tanto para persoal sanitario como non sanitario en materia de doazón de medula ósea. Ademais como o resto das comunidades autónomas e xunto coa Organización Nacional de Transplantes participa no Plan Nacional de Medula Ósea.

Asemade, ten asignada a intervención cos distintos responsables dos programas de transplantes e cos coordinadores hospitalarios para potenciar todas as actuacións tendentes a mellorar o funcionamento destas actividades, especialmente naquelas dirixidas á consecución de doazóns, así como actuar como interlocutor coas representacións cidadás, medios de comunicación e asociacións de doentes incluídos nos diferentes programas.

Sexto. O Servizo Galego de Saúde, a través das Áreas Sanitarias e mais da ADOS, ven colaborando dende fai uns anos coa ASOTRAME co obxectivo de promover a necesidade de coñecer e actualizar o proceso de doazón de medula ósea na sociedade e actuacións de voluntariado e dos profesionais da Asociación para facer máis agradable e levadeira a estancia nos hospitais aos pacientes ingresados e as súas familias.

Sétimo. Que o Servizo Galego de Saúde é sensible aos fenómenos que poidan redundar nunha maior cohesión social, e reconece o importante papel de ASOTRAME. Por iso, sendo consciente da necesidade de promover e coordinar actividades dende postulados flexibles que permitan unhas regras básicas para o desenvolvemento da súa acción, en campos como a saúde, están interesadas en continuar colaborando con ASOTRAME. Como exemplos da referida colaboración, pódense sinalar, entre outros, o Convenio de colaboración entre a



ADOS e ASOTRAME para o fomento da doazón de proxenitores hematopoéticos, subscrito o 6 de setembro de 2021; o Convenio Marco de colaboración entre o Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur e ASOTRAME, subscrito o 19 de abril de 2024; ou o Convenio de colaboración entre a Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza e ASOTRAME, subscrito o 25 de maio de 2025.

Nesta liña, coa celebración do presente convenio, búscase reforzar a colaboración entre o Sistema Público de Saúde de Galicia e ASOTRAME. Deste xeito, o presente instrumento convencional ten por vocación erixirse na ferramenta marco de colaboración que permita o desenvolvemento de actuacións posteriores partindo dunhas bases comúns.

Oitavo. As partes, no respectivo ámbito de actividade, están interesadas en impulsar iniciativas dirixidas á consecución de doantes de medula ósea, que permitan unha maior posibilidade de transplantes de proxenitores hematopoéticos para os/as pacientes, establecer accións coordinadas en todos os campos de actuación en materia oncolóxica e fomentar o voluntariado nestes ámbitos.

Noveno. Este convenio de natureza administrativa queda fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo do Consello de 26 de febreiro de 2014, segundo o establecido no artigo 6.1 da citada lei.

Así, o artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro determina que quedan excluídos do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados na mesma ou en normas administrativas especiais, celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

Ademais, a devandita lei condiciona dita exclusión ao cumprimento das seguintes condicións:



- a) Que as entidades intervenientes non deben ter vocación de mercado e ademais, queda excluído do convenio a obtención dun beneficio económico directo para as partes.
- b) Que o convenio estableza ou desenvolva unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles atinxen se prestan de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común.
- c) Que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Á vista do anterior, ambas partes, recoñecéndose plena capacidade de obrar, acordan subscribir o presente Convenio Marco de colaboración de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio marco é:

1. Establecer as liñas xerais que rexerán a colaboración entre a ASOTRAME e o Servizo Galego de Saúde, a través da ADOS para a definición e posta en marcha de actividades de colaboración que promovan a necesidade de coñecer e actualizar o proceso de doazón de medula ósea na sociedade, o que permitiría unha maior posibilidade de transplante para os/as pacientes.
2. Establecer as bases da colaboración entre as Áreas Sanitarias e ASOTRAME para o desenvolvemento de accións conxuntas en prol do beneficio de persoas transplantadas de medula ósea ou inmersas nun proceso de cáncer hematolóxico e as súas familias.
3. Establecer as liñas que rexerán a colaboración entre a ASOTRAME e o Servizo Galego de Saúde, a través das Áreas Sanitarias para regular a actuación do voluntariado e dos profesionais de ASOTRAME nos hospitais das Áreas Sanitarias e co obxectivo de facer máis agradable e levadeira a estancia nos hospitais aos pacientes ingresados e as súas familias.



Segunda. Liñas de colaboración entre a ADOS e a ASOTRAME

1. Liña 1: Promoción da doazón:

- a) Desenvolver programas divulgativos e de formación para mellorar o coñecemento dos mecanismos e vías para posibilitar a doazón de proxenitores hematopoéticos.
- b) Promover campañas informativas de promoción da doazón de proxenitores hematopoéticos dirixidas á poboación xeral.
- c) Realizar ou promover calquera outras actividades que redunden na promoción da doazón de proxenitores hematopoéticos, así como aquelas outras accións que as partes consideren de interese para os obxectivos perseguidos.


2. Liña 2: Formación específica:

Incluiranse nesta liña de colaboración cantas accións permitan a posta en práctica de programas colectivos para a formación dos profesionais, presentes ou futuros, en materia de doazón e transplante de proxenitores hematopoéticos, así como as vías, protocolos e mecanismos dispoñibles para acadar o éxito dos programas na materia, tanto no eido da promoción coma no da doazón e transplante.

Terceira. Liñas de colaboración entre as Áreas Sanitarias e a ASOTRAME

- 1. En relación co desenvolvemento de accións conxuntas que beneficien ás persoas transplantadas de medula ósea ou inmersas nun proceso de cancro hematolóxico e as súas familias, as actividades de colaboración entre as partes materializaranse en proxectos de colaboración que resulten de interese común, como poden ser, entre outros, os seguintes:
 - a) Participación conxunta no deseño e execución de proxectos de investigación para ampliar coñecementos científicos en áreas de enfermidades oncohematolóxicas, que teñan por obxecto mellorar a prevención, diagnóstico, e seguimento clínico das persoas afectadas.





- b) Promoción e coordinación de actividades de divulgación e participación cidadá para o fomento da cultura científica.
- c) Difusión de información de interese común a través dos soportes de comunicación dos que dispoñen as partes asinantes.
- d) Cesión puntual de espazos para o desenvolvemento de reunións, obradoiros, eventos, para o desenvolvemento dos proxectos e actividades citadas anteriormente dos que dispoñen as partes asinantes.
- e) Establecer xornadas de portas abertas para favorecer a interacción entre o persoal investigador das Áreas Sanitarias e as persoas socias de ASOTRAME.
- f) Participar e colaborar nas diferentes actividades e eventos organizados polas partes asinantes.

2. Co obxectivo de facer máis agradable e levadeira a estancia nos hospitais aos pacientes ingresados e as súas familias, proporase por parte da asociación unha oferta de colaboración que incorpore posibles proxectos a desenvolver.

Será destinatario das actuacións dos proxectos previstos neste apartado, o colectivo de pacientes con enfermidades oncohematolóxicas que reciben tratamento no hospital e os seus familiares.

Cuarta. Compromisos da ASOTRAME

1. ASOTRAME comprométese a:

a) Achegar un profesional para a Coordinación do Voluntariado que será responsable da actuación dos seus membros e o interlocutor válido ante o hospital.

b) Achegar o persoal voluntario necesario para a correcta atención dos pacientes.




- c) Seleccionar e formar aos voluntarios que participen no desenvolvemento da actividade.
 - d) Achegar unha identificación clara e inequívoca do persoal voluntario.
 - e) Prover dos seguros de accidentes e responsabilidade civil aos voluntarios.
 - f) Fomentar a presenza dos voluntarios en todos aqueles foros onde se traten temas relacionados co voluntariado e o cancro adulto e infantil, e nas xornadas de convivencia social que organice ASOTRAME.
 - g) Realizar as actividades no horario que se estime máis oportuno para non obstaculizar o funcionamento do hospital de modo que as condicións de utilización do inmovible non deben interferir no uso ordinario do mesmo polo órgano que o ten adscrito.
 - h) Garantir que o seu persoal garde o secreto profesional e confidencialidade respecto de calquera información que poida recibir, ou á que poida acceder, directa ou indirectamente, por calquera medio e circunstancia, como resultado da execución dos servizos regulados polo presente convenio marco.
2. ASOTRAME poderá acordar a substitución das persoas voluntarias polos motivos que se consideren, e dende a Área Sanitaria poderase solicitar a información e documentación que considere necesaria.

Quinta. Compromisos do Servizo Galego de Saúde

O Servizo Galego de Saúde, a través das Áreas Sanitarias das que dependen os hospitais, comprométese a:

- 1. Facilitar a realización de actividades de animación e de lecer para os pacientes oncolóxicos e os seus familiares así como as actividades de acompañamento e apoio psicosocial.
- 2. Facilitar a difusión do programa de ASOTRAME dentro dos hospitais a través de folletos e





cartelería (preferiblemente en formato electrónico), proporcionada por ASOTRAME nos lugares máis visibles para as persoas usuarias

Sexta. Compromisos da ADOS

A ADOS, comprométese a colaborar con ASOTRAME compartindo material promocional do que dispón para a realización de tarefas de divulgación e información da necesidade e do proceso de doazón de medula ósea, co fin de concienciar e fomentar as doazóns, o que permitiría unha maior posibilidade de transplante para os pacientes.

Sétima. Estudos e publicacións

1. Cando as actividades conxuntas leven consigo a elaboración de publicacións, estudos, proxectos ou materiais divulgativos ou informativos, estes levarán inserido o logotipo ou distintivo das partes asinantes, farán mención á colaboración desenvolvida, e as partes poderán utilizalos nos seus respectivos ámbitos de actividade.
2. En calquera actividade promovida ou realizada polas partes ao abeiro do presente convenio marco ou contemplada en acordos específicos, farase constar que a mesma é froito da colaboración establecida entre as mesmas, e terá carácter gratuito para o público asistente ou participante.

Oitava. Relacións con terceiros

1. Os contratos que ASOTRAME concerte con terceiros non serán fonte de obrigas para o Servizo Galego de Saúde, nin para as Áreas Sanitarias e tampouco para a ADOS.

A subscrición do presente convenio marco non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre o Servizo Galego de Saúde, as Áreas Sanitarias ou a ADOS con ASOTRAME ou cos terceiros cos que esta se relacione xurídicamente.

Nin ASOTRAME, nin os terceiros con quen esta contrate, gardarán ningún tipo de relación cos profesionais do Servizo Galego de Saúde, con carácter xeral, nin concretamente cos das



Áreas Sanitarias, hospitais ou cos da ADOS, de tal xeito que ASOTRAME non poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, por actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do convenio.

O persoal que participe no desenvolvemento do presente convenio seguirá baixo a dirección e dependencia de ASOTRAME, sen que en modo algún tal relación se modifique en virtude do presente convenio.

2. A subscrición do presente convenio non da dereito nin a ASOTRAME, nin aos terceiros con quen esta contrate, ao emprego, uso ou acceso, de xeito directo ou indirecto, de calquera dos sistemas de información sanitaria do Servizo Galego de Saúde, con especial referencia á historia clínica dos pacientes.

3. É responsabilidade de ASOTRAME:

a) Cumprir e facer cumprir as disposicións legais vixentes sobre prevención de riscos laborais así como a normativa interna dos hospitais acerca das condicións de seguridade.

b) Cumprir e facer cumprir o segredo profesional e garantir a confidencialidade en relación aos datos persoais do paciente, con especial referencia á categoría especial de datos de saúde, co gallo de dar cumprimento ao establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa que, en materia de protección de datos, resulte de aplicación.

Novena. Comisión mixta de seguimento

1. Ao obxecto de velar polo cumprimento xeral das cláusulas do presente convenio marco e coordinar as accións previstas, creárase unha comisión mixta entre ASOTRAME, o Servizo Galego de Saúde e a ADOS, que estará composta do seguinte xeito:

a) En representación de ASOTRAME: a persoa que ostente a presidencia da mesma, ou a persoa en quen esta delegue, así como un técnico nomeado pola presidencia da asociación.



b) En representación do Servizo Galego de Saúde: a persoa titular da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, ou persoa en quen esta delegue, así como un técnico nomeado pola Xerencia do Servizo Galego de Saúde, quen ademais actuará como Secretario, con voz e voto.

c) En representación da ADOS: a persoa titular da Dirección da Axencia, ou persoa en quen esta delegue, así como un técnico nomeado pola Dirección da ADOS.

2. Serán funcións desta comisión:

a) Avaliar o desenvolvemento do presente convenio.

b) Preparar os sucesivos programas.

c) Propoñer a prórroga do convenio ou a súa rescisión.

d) Estudar e asesorar respecto de cantas cuestións sexan sometidas á comisión por calquera das partes.

3. Esta comisión reunirse cando unha das partes o solicite e nas circunstancias excepcionais que así o aconsellen.

4. Na organización e funcionamento da comisión observaranse as normas previstas na Sección terceira do Capítulo I do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, relativas ao órganos colexiados.

Décima. Financiamento

O presente acordo non supón compromiso de gasto para o Servizo Galego de Saúde, as Áreas Sanitarias ou para a ADOS, e por este motivo non precisa consignación orzamentaria.

Décimo primeira. Modificación e extinción

1. O convenio poderá ser modificado a proposta da Comisión de Seguimento do Convenio e previo acordo das partes asinantes.
2. O presente convenio extinguirase pola concorrencia de calquera das seguintes causas, consonte o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
 - b) Acordo unánime das partes asinantes.
 - c) Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.

Neste caso, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos.

Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

- d) Por resolución xudicial declaratoria da nulidade do presente convenio.
- e) Por calquera outra causa prevista na lexislación que resulte de aplicación.

Décimo segunda. Reversión e acta de entrega

1. A resolución do presente acordo por calquera causa das indicadas, producirá a inmediata reversión ao Servizo Galego de Saúde, ás Áreas Sanitarias e á ADOS dos bens, medios e recursos postos a disposición de ASOTRAME.



ASOTRAME poderá retirar os bens, medios e recursos da súa propiedade que se atopen nos lugares e espazos nos que se estaban a empregar.

2. Rematada a utilización dos bens, medios e recursos postos a disposición de ASOTRAME as Xerencias das Áreas Sanitarias ou a Dirección da ADOS, nos seus respectivos ámbitos, ordenarán levantar acta de entrega, en presenza da representación de ASOTRAME, na que se deixará constancia do estado dos bens, medios e recursos aos efectos de reparación, reclamación ou indemnización posterior con cargo a ASOTRAME dos danos e prexuízos que se puideran causar, sempre que os mesmos fosen imputables ao incumprimento das obrigas establecidas neste convenio.

Décimo terceira. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos.

Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as partes, de mutuo acordo, poderán acordar a súa prórroga por un período adicional de ata catro anos mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga, que deberá ser subscrito con anterioridade á data de vencemento do convenio.

Décimo cuarta. Publicidade

1. A firma deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas que interveñen para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

2. O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



Décimo quinta. Protección de datos

1. De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, as partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de rematado o convenio.

2. En relación co tratamento dos datos que non teñan o carácter de persoal e que resulten precisos para satisfacer os fins que fundamentan o presente convenio, será de aplicación o disposto no Regulamento (UE) 2018/1807 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de novembro de 2018, relativo a un marco para a libre circulación de datos non persoais na Unión Europea.

Décimo sexta. Natureza xurídica e xurisdición

1. O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, de 1 de outubro e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo, así como polo establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro.

2. Segundo o previsto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, é un negocio xurídico excluído do seu ámbito de aplicación.

De conformidade co artigo 4 desa mesma norma, este convenio rexerase polas súas normas



especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

3. As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data sulñados no encabezamento.

Por parte do Servizo Galego de Saúde e da
Axencia Galega de Sangue, Órganos e
Tecidos

Por parte da Asociación Gallega de Personas
Trasplantadas de Médula Ósea y
Enfermedades Oncohematolóxicas




Antonio Gómez Caamaño


Asotrane
ASOCIACIÓN GALLEGA DE TRASPLANTADOS DE MÉDULA ÓSEA
Y ENFERMEDADES ONCOHEMATOLÓXICAS
G-70370710
Calle Chile, nº 2-4, Entresuelo derecha
15404 - Ferrol (A)

Cristina Piñeiro Couce